

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Dentro do marco da nova Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMLOE), este curso incorpórase tamén no ámbito da Educación Plástica e Visual o curso de sexto de Primaria. Esta materia emerxe como parte esencial do currículo, promovendo o desenvolvemento integral do alumnado a través da expresión artística, a creatividade e a comprensión da linguaxe visual.

Esta programación aborda os retos pedagóxicos desta etapa educativa co obxectivo de fomentar a sensibilidade estética e a apreciación do traballo artístico, e traballar en espacial de maneira transversal o tema da Semana Cultural: De aquí e de acolá. A través de actividades prácticas, xs estudantxs desenvolverán as súas habilidades plásticas, explorarán diferentes técnicas e adquirirán coñecementos sobre a historia e a diversidade das manifestacións artísticas.

Farase partícipe á comunidade educativa do proceso creativo, promovendo ademais un ambiente de aprendizaxe colaborativo que enriqueza o proceso de ensino-aprendizaxe.

Na programación de Educación Plástica e Visual para 6º de Primaria, tratarase de facer unha contribución valiosa na preparación do alumnado para a súa próxima etapa educativa na Educación Secundaria. Ao longo deste curso, non só se abordarán os aspectos técnicos e conceptuais das artes visuais, senón tamén cultivaranse competencias transversais que lles serán de utilidade na súa transición.

Cada unha das 6 Unidades Didácticas (UD) que integran esta Programación Didáctica (PD) está deseñada co obxectivo de inculcarlle ó alumnado a importancia de que non se valore o traballo realizado polo seu atractivo visual ou polo seu valor artístico, senón pola capacidade de adquirir técnicas e procedementos axeitados á súa idade. Neste sentido, buscaremos potenciar a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz, así como a sensibilidade ante calquera expresión artística.

Outorgaremos especial relevancia ao desenvolvemento de técnicas apropiadas para que o alumnado sexa capaz de expresarse a través da expresión plástica e audiovisual, así como mediante outros medios de expresión e comunicación.

Cada Unidade Didáctica dividirase en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Inclúe a observación de obras representativas de arte, elixidas e seleccionadas considerando a idade e evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Implica a elaboración de obras propias utilizando diferentes materiais.
- Sección de volume: Comprende a realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Inclúe aspectos como animacións, imaxes e o uso do ordenador.
- Sección lúdica: Ofrece xogos e actividades para practicar o aprendido, fomentando a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Expresamos o outono	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Co outono como centro de interese exploraremos as posibilidades plásticas da contorna e natureza, e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica. A celebración do Samaín, e autores vencellados coa temática cobrará especial relevancia. A celebración do Magosto así como o Nadal verase reflexado tamén nas tarefas a desenvolver.	30	10	X		
2	Audiovisual	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e integrando os audiovisuais. O Día da Paz, o Entroido serán conmemoracións destacadas en esta unidade.	10	4		X	
3	A arte de ser muller	Tratando de integrar a unidade co proxecto PDI de centro: De aquí e de acolá, traballarase a figura de diferentes artistas femininas de varias culturas. Ademais, esta proposta terá especial importancia na celebración do Día Internacional da muller, onde se obterá un produto final.	20	8		X	
4	Picasso: 100 anos	Co fin de conmemorar o centenario do nacemento do artista, traballarase de	15	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Picasso: 100 anos	maneira crítica a súa obra, biografía...e reinterpretaranse diferentes propostas variando as técnicas plásticas.	15	5			X
5	Unha viaxe de repaso	A UD5 terá coma finalidade o repaso e afianzamento de contidos das danteriores unidades. Ademais, a conmemoración das Letras Galegas terán un peso importante nestas propostas.	25	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Expresamos o outono	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe brevemente alguna característica formal.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa actitudes de respecto ante propstas artísticas		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	É quen de expresar ideas sinxelas de diferentes manifestacións artísticas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Investiga, e reflexiona sobre as manifestacións artísticas da cultura galega botando man de materiais da natureza.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega asTIC como recurso para obter información e documentación na creación de composicións propias no ámbito do debuxo técnico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Audiovisual	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	MOstra normas elementales de comportamento, demostrando unha actitude positiva cara a diversidade creativa	TI	100
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Mostra unha actitude colaborativa á hora de traballar en grupo		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosa actitudes respetuosas e empáticas cara as expresións artísticas dxs compañeirxs		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interésase por algunhas propostas artísticas audiovisuais de diversas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	É quen de atopar información básica empregando estratexias de busca sinxelas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Recoñece e diferencia algunhas manifestacións culturais e artísticas		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra actitudes respetuosas ante obras artísticas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	É quen de expresar sensacións de maneira creativa.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada no deseño dunha proposta audiovisual		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa positivamente na realización dunha composición baseada no audiovisual		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos traballos e das actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. - Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos. - Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Técnicas básicas de animación.

Contidos

- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	A arte de ser muller	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece, os datos máis relevantes da vida e obra das artistas traballadas.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Diferencia os elementos básicos de manifestacións artísticas diversas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	MOstra normas elementales de comportamento, demostrando unha actitude positiva cara a diversidade creativa		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa de maneira activa na realización dun mural grupal sobre a muller na arte.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Goza coa aprendizaxe e amosa interese polo traballo artístico.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e diferencia as obras de diferentes artistas recoñecidas.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación das obras artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Identifica, clasifica e localiza algunhas das obras máis importantes das pintoras		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Recoñece e aprecia as sensacións derivadas de diversas expresións culturais e artísticas audiovisuais da obra de mulleres artistas de varias culturas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a

Contidos

- atención durante a recepción.
- Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Picasso: 100 anos	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece e identifica as características fundamentais dos estilos cubista e abstracto.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega materiais e recursos plásticos nas imaxes e composicións plásticas		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostra actitudes de respecto e mantén limpos e coidados os materiais de traballo.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	É quen de ver diferenzas e similitudes básicas presentes nas obras de Picasso.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final reinterpretativa de Picasso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
5	Unha viaxe de repaso	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza de maneira sinxela, e empregando a terminoloxía axeitada,	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra normas elementales de comportamento, demostrando unha actitude positiva cara a diversidade creativa		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosa actitudes respectuosas ante compañeirxs		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Busca información de forma eficiente empregando libros de consulta, internet...		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Investiga, e reflexiona sobre as manifestacións artísticas da culturas do mundo.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica axeitadamente o seu traballo e emprega materiais e recursos plásticos nas imaxes e composicións plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Contidos

- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na Educación Plástica e Visual, abordamos un enfoque metodolóxico flexible que ofrece liberdade ao docente para adaptar a súa práctica ás necesidades específicas do alumnado. Incentívase así a creatividade e a expresión personal, fomentando un ambiente propicio para o desenvolvemento das habilidades artísticas dxs estudantes. É crucial ofertar ademais experiencias variadas para a adquisición da Competencia artística, incentivando a participación activa e a motivación do alumnado a través de vivencias propias.

As clases comezarán con explicacións de termos específicos desta área, realizadas en inglés, tendo en conta o carácter plurilingüe do noso centro. Ademais, incentivaremos o uso de materiais reciclados para promover unha actitude respectuosa co medio ambiente. Ao mesmo tempo, trataranse de crear hábitos e estratexias en relación coas novas tecnoloxías que permitan aos alumnxs traballar de maneira crítica e eficiente coas TIC.

Durante a Semana Cultural sobre a Interculturalidade, exploraremos a vida e obra de artistas femininas de todo o mundo, co énfase en tradicións culturais e diversas manifestacións artísticas. Vincularemos as actividades plásticas ao proxecto competencial do curso, relacionado coa horta e a arte. As actividades serán orientadas para a observación, planificación e creación, incentivando a cooperación e establecendo normas de convivencia cando sexa necesario.

A metodoloxía adoptada será dinámica, creativa, motivadora e lúdica. Sempre facilitaremos ao alumnado a realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en gran grupo, propiciando situacións de comunicación e colaboración.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, móbil persoal, proxector e pizarra PDI, conexión a internet, netbooks, cámaras de fotos, diferentes aplicacións e programas de software
Material funxible: convencionais e non convencionais
Regra, escuadra e cartabón
Carteis, láminas, bits de diferentes autorxs e estilos
Saídas a exposicións, a natureza da contorna, o barrio...
Estoxo propio

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual no noso centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural. Tamén é unha aula que conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O uso do espazo exterior tamén será significativo así como a aula de usos múltiples do centro

O material empregado está dentro da aula, nunha serie de mobiliario adicada unicamente ao material plástico.

Hai un material común, que garante que ninguén quede excluído na realización das tarefas. Pero ao mesmo tempo o alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material básico e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Co obxectivo de avaliar de forma formativa e continua ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe en Educación Plástica e Visual para 6º de Primaria, planificouse a realización de dous tipos de avaliacións iniciais.

A primeira, a avaliación inicial de curso, está enfocada ao diagnóstico de dificultades e centrase nos obxectivos do curso anterior. Utilizaranse diversos instrumentos de avaliación, como observación directa, atención no cumprimento dos obxectivos, observación do comportamento nos xogos de preguntas e de avaliación, anecdotario, apuntamento de situacións excepcionais da actividade diaria, o bloc do alumnado e a compilación de tódolos traballos artísticos plásticos, incluíndo a recollida dos debuxos libres.

A segunda, a avaliación inicial de unidade didáctica, realizarase ó comezo de cada unha das 5 unidades didácticas. Empregarase actividades específicas para determinar o nivel exacto de coñecemento do alumnado antes de abordar os contidos principais da unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	10	20	15	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación integral de todas as Competencias Adquiridas (CA) nesta Programación Didáctica (PD) realizarase mediante unha táboa de indicadores, na cal se manterá un rexistro que inclúe escalas de valoración ou rúbricas. Isto debe destacarse, xa que un gran número destes indicadores requiren observación directa.

Os criterios de avaliación abranguen tanto a realización das actividades a nivel individual como cooperativo, e comprenden as seguintes dimensións:

- Realización das Actividades, tanto a Nivel Individual como Cooperativo, Presentación e Limpeza: 40%

- Creatividade: 25%

- Comportamento, Esfuerzo e Interese, Bo Uso do Material: 35%

Cada un destes aspectos contribuirá á avaliación global, e as escalas de valoración permitirán unha avaliación máis precisa e obxectiva das habilidades e desempeño dxs estudantes en cada dimensión. Este enfoque asegura unha avaliación que reconece tanto o esforzo individual como a capacidade de traballar en colaboración.

Criterios de recuperación:

Para a recuperación da materia, aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos mínimos ao rematar cada Unidade Didáctica (UD) terán a oportunidade de recuperar mediante unha actividade práctica ao final de cada trimestre. Esta actividade consistirá na realización dun traballo artístico relacionado coas UD do trimestre correspondente, como a creación dunha obra que explore outras formas de expresión artística, como a escultura ou a creación dun mural colectivo.

Na escultura, por exemplo, xs alumnxs poderían utilizar materiais diversos para representar conceptos aprendidos nas unidades. Ou, no caso do mural colectivo, cada alumnx podería contribuír cunha parte, creando unha obra de arte colaborativa que reflecta os contidos abordados nas diferentes unidades.

Esta medida de recuperación busca ofrecer oportunidades adicionais para consolidar coñecementos, incentivando a súa participación activa e a exploración de diferentes formas de expresión artística.

6. Medidas de atención á diversidade

- Diferenciación Curricular:
 - Ofrecer diferentes niveles de dificultade nas tarefas e proxectos para satisfacer as necesidades do alumnado.
 - Proporcionar actividades adicionais para Xs alumnxs con AACC
- Material Didáctico Axeitado
 - Proporcionar materiais visuais, manipulativos, recursos multimedia...para apoiar o aprendizaxe.
 - Utilizar materiais e ferramentas para permitir a expresión creativa
- Agrupamentos Flexibles:
 - Organizar en grupos pequenos para permitir unha atención máis personalizada e ir rotando os mesmos.
- Avaliación Formativa:
 - Realizar avaliacións continuas.
 - Proporcionar retroalimentación.
- Adaptación de Tarefas:
 - EMpregar apoio xestual e da lingua materna nas explicacións en lingua inglesa.
 - Modificar as tarefas segundo as habilidades e necesidades individuais.
 - Proporcionar opcións para a presentación de proxectos, permitindo aos estudantes elixir o formato que mellor se adeque ás súas habilidades.
- Uso de Tecnoloxía:
 - Integrar ferramentas tecnolóxicas que poidan apoiar o aprendizaxe.
- Inclusión de Temas Culturais e Diversidade:
 - Incorporar temas e exemplos que reflectan a diversidade cultural nas actividades e proxectos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos. Se ben algúns deles cobrann especial relevancia en datas significativas, ningún será excluído de todas e cada unha das UD

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns,	X	X	X
Obradoiros ao comezo da sesión	Actividades ligadas a destrezas psicomotoras ou emocións cun enfoque moito máis lúdico e espontáneo sercan as que se realicen ao comezo de cada clase.	X	X	X
Saídas e visitas	Participaremos de todas as exposicións xa programadas e aquelas que xurdan no Concello e que se axeiten á nosa programación	X	X	X
Proxecto competencial	En coordinación coa titora do curso e co resto do profesorado do ciclo levaremos a cabo propostas do proxecto competencial do noso centro que xirará ao redor da horta e a arte na natureza		X	X
De aquí e de acolá	Él o título do noso PDI de centro que trata o tema da interculturalidade. Nesta materia expresaremos o aprendido e as nosas propias reflexións a través da linguaxe artística. Haberá exposicións e pequenas instalacións artísticas sobre o tema	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Metodoloxía empregada
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouese a implicación das familias no traballo do alumnado.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

9. Outros apartados